

GUÍA DIDÁCTICA

# Pangea

ABRAHAM CUPEIRO

&

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



# ÍNDICE

---



- 1.- PRESENTACIÓN
- 2.- PROGRAMA DO VÍDEO
- 3.- ORGANIZACIÓN DA GUÍA DIDÁCTICA
- 4.- OBXECTIVOS
- 5.- ACTIVIDADES

# 1. - PRESENTACIÓN

---



## 1.1 INTRODUCCIÓN

En 1910 o metereólogo alemán Alfred Wegener, percatouse ao examinar un atlas que as siluetas dos continentes parecían casar unhas coas outras; foi a partir desta observación cando comezou a recabar datos que logo plasmou no seu libro "A orixe dos continentes e dos océanos"

Nel, sostíña que hai uns 300 millóns de anos o mundo estaba formado por un só continente, **Pangea**, que en grego significa "toda a terra".

Para a bioloxía esta teoría explicaba o parentesco entre especies de continentes separados por océanos. Para a xeoloxía xustificaba a presenza de formatos xeolóxicos similares en continentes distintos.

A terra é o elemento onde os humanos habitamos, pero quizáis son os océanos os que marcan o clima, ás veces a orografía, e tamén o carácter das súas xentes.

Con esta obra queremos unir de maneira metafórica a terra a través da música, pois é unha necesidade vital a de unirnos para frear a destrución do noso planeta.

Un terceiro elemento é o que nos levará a unila de novo: o aire. Sen este elemento o son dos instrumentos non podería navegar polo espazo para chegar aos nosos oídos.

A eles únense instrumentos máis humildes que os que hoxe coñecemos, pero que evocan culturas e paisaxes ás cales vos queremos transportar .

Que soe a música dende o máis profundo da terra, dende o máis profundo ... dos océanos!



---

## 1.2.-ABRAHAM CUPEIRO

Construtor e multiinstrumentista, o que caracteriza a Abraham Cupeiro é a recuperación de instrumentos perdidos no tempo, a súa utilización para crear novas sonoridades e a súa imbricación en músicas alleas a eles.

Estudou trompeta no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, e logo realizou un máster en Interpretación de Música Antiga na Universidade Autónoma de Barcelona.

Sen embargo, aínda que a súa formación é clásica, sempre sentiu atracción por todo tipo de músicas. Así, dende moi novo formou parte de grupos de folk, jazz, música antiga...

Como instrumentista, destaca por ser unha das poucas persoas que toca o karnix (trompeta celta da Idade de Ferro). Recentemente foi invitado para probar o karnix de Tintignac, que é o único que apareceu enteiro (ano 2004).

É ademáis impulsor dun instrumento ancestral na tradición galega: a corna, un instrumento que na segunda metade do século XX xa estaba extinguido. A corna que toca Abraham Cupeiro foi atopada por Carlos Tallón na inmensidade do bosque, preto da súa vila natal, Sarria.

O seu interese pola organoloxía, levouno a recompilar unha colección de máis de 200 instrumentos de todo o mundo e de distintas épocas. É unha colección que Abraham ensina a modo de concerto-monólogo que leva por título "Resoando no pasado".

Abraham recupera e constrúe diversos instrumentos, e interpreta con eles dende a súa música ata a música de hoxe día, mesturándoos con formacións modernas.

Estas misturas pódense ver no seu traballo [Compromiscuo](#) co acordeonista Bielorruso Vadzim Yukhnevich, así como en obras escritas ex profeso para el como o [Concierto Misterio](#) de Wladimir Rosinsky xunto á Orquestra Sinfónica de Galicia.

[Os Sons Esquecidos](#) está gravado coa Real [Filharmonía de Galicia](#). Este traballo saiu á luz en outubro de 2017 baixo o selo [Warner Classics](#).

En novembro de 2019 grava o seu seguinte proxecto, "Pangea", coa Royal Philharmonic de Londres nos estudos Abbey Road.





---

### 1.3.-REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia nace como un ambicioso proxecto cultural en Santiago de Compostela no ano 1996. Formada por 50 músicos e un equipo administrativo de 6 persoas, ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia. Paul Daniel é, desde 2013, o director titular e artístico da formación e Maximino Zumalave, o seu director asociado. No ano 2020 Joana Carneiro incorporouse como principal directora invitada.

Os obxectivos da RFG céntranse en difundir a música clásica en todo o territorio galego, buscando sempre as máis altas cotas de excelencia artística a través da colaboración con directores/as e instrumentistas do máis alto nivel e cun firme compromiso na estimulación do talento e a formación musical infantil e xuvenil.

Na actualidade, a Real Filharmonía de Galicia consolídase como unha das iniciativas musicais galegas máis importantes e recoñecidas, empeñada na procura de sinerxias con outras institucións culturais nos ámbitos rexional, nacional e internacional e na difusión da cultura que se fai en Galicia máis aló do noso territorio.

A RFG realizou xiras por Europa e por Sudamérica, e cada ano ofrece máis de 50 concertos en diferentes puntos de Galicia. A súa discografía componse de 23 discos.

Para máis información: [www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

## 2. - PROGRAMA DO VÍDEO

---



1. - OCEANÍA
2. - CHINA
3. - AMÉRICA
4. - ÁFRICA
5. - ARABIA
6. - ARMENIA
7. - BULGARIA
8. - COSTA ATLÁNTICA
9. - LAMENTO

# 3.- ORGANIZACIÓN DA GUÍA DIDÁCTICA

---



A presente guía pretende ser un complemento ao vídeo do concerto. Por iso, as actividades propostas seguen a orde das pezas do vídeo.

Ao comezo de cada peza hai unha introdución sobre o continente e, a continuación, unha breve explicación dos instrumentos utilizados. Finalmente ven a proposta das actividades.

Hai que subliñar que as actividades están pensadas por continentes, polo que os temas de África e Arabia aparecen xuntos, así como Armenia, Bulgaria e Costa atlántica (que aparecen como Europa).

Ao final, proponse unha actividade de todo o programa.

Nos anexos, atópase un modelo de ficha dos instrumentos.

Aínda que as actividades están orientadas á asignatura de música, dado o carácter multidisciplinar do concerto, tamén se poden relacionar con outras asignaturas, como Bioloxía ou Xeoloxía.

# 4. -OBXECTIVOS

---



## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DO ESPECTÁCULO

- Apreciar o sentido lúdico das actividades musicais.
- Acostumarse a escoitar con atención durante o espectáculo.
- Mostrar interese e respecto polas actividades musicais.
- Escoitar e diferenciar a sonoridade dos diferentes instrumentos musicais.
- Coñecer a relación que existe entre o medio, os recursos e as manifestacións culturais, potenciando o respecto polos mesmos.

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA GUÍA

- Achegar aos alumnos ás diferentes culturas a través da música.
- Practicar e apreciar auditivamente a utilización da escala pentatónica.
- Espertar o interese nos alumnos polos instrumentos musicais.
- Achegarse a diferentes ritmos: compases de amalgama, polirritmias...
- Traballar valores como compañeirismo, constancia e esforzo.
- Fomentar a creatividade a través da construción de instrumentos.
- Coñecer os principais instrumentos de cada continente.
- Apreciar o sons da natureza.
- Escoitar diferentes músicas.



# 5.-ACTIVIDADES

---



## 5.1.- OCEANÍA

**Oceanía** comprende tanto os países de Australia e Nova Zelandia, así coma a gran diversidade cultural das illas do Pacífico, que inclúe Hawai, Polinesia, Micronesia e Melanesia, con culturas e zonas tan recoñecidas como Papúa Nova Guinea, Indonesia, Samoa, Tonga...

A música desta parte do planeta comezou nos seus pobos aborixes e os seus instrumentos, que se constrúen con madeiras, cunchas de animais, ósos, pedras... Sen dúbida, ao pensar en Oceanía, pensamos en auga e natureza. É por isto que esta peza tenta recrear o son do mar con instrumentos naturais: as buguinas.

### INSTRUMENTOS

#### BUGUINAS



As buguinas empréganse como instrumento de vento, e sopramos nelas dende un extremo para producir o son: os beizos do intérprete actúan como unha dobre lingüeta. Na India utilízanse dende hai miles de anos como instrumento musical. Tamén se utilizan nas Illas do Pacífico e nalgunhas rexións de Sudamérica para acompañar danzas.

En Canarias, chámase "bucio" e xa eran utilizadas polos guanches.

En Cantabria, ao norte de España, emprégase o denominado "bígaru" como acompañamento na execución da danza guerreira da "Baila de Ibio"



---

## ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1:

Pechar os ollos e gardar silencio, tentando escoitar os ruídos de arredor.

- Que escoitaches?
- Achegar un obxecto oco aos nosos oídos e escoitar o que acontece

### ACTIVIDADE 2:

Ver os seguintes videos:

<https://www.youtube.com/watch?v=Jo3EQi99ZBM>

<https://www.youtube.com/watch?v=-2RcR8vzn-4>

Buscar información das manifestacións musicais de Oceanía: música maorí e baile Hak.

### ACTIVIDADE 3:

Buscar información e fotos dos seguintes instrumentos, para logo completar a ficha.

- Didgeridoo
- Frauta nasal



---

## 5.2.- CHINA

A música chinesa posúe unha elegancia sinxela. Escoitala trasládanos ás paisaxes da China, coas súas impresionantes terrazas de cultivo de arroz, os manantiais que caen dende as montañas...

Dase moita importancia á melodía, utilízanse sobre todo escalas pentatónicas, combinando liñas vocais con instrumentos sen que exista, polo tanto, un sistema harmónico de acordes.

En canto aos instrumentos, chama a atención a súa forma de clasificalos, pois responde ao material do que están feitos. Así, os instrumentos clasifícanse do seguinte xeito:


- 1.- Instrumentos de bronce (ou aleacións de bronce e estaño: campás, gong.
- 2.- Instrumentos de pedra: feitos de mármore ou xade: litófono.
- 3.- Instrumentos de seda (chámanse así porque as cordas son de seda): erhu, gu zheng.
- 4.- Instrumentos de bambú e outras madeiras: xiao, tzi
- 5.- Instrumentos de arxila: yuan
- 5.- Instrumentos de coiro (polos parches):ku
- 6.- Instrumentos de cabaza: seng, hulusi

## INSTRUMENTOS


### XIAO

O **xiao** é unha frauta vertical chinesa feita de bambú (aínda que os hai de porcelá). A parte de abaixo do tubo está aberta, pero enriba está pechada polo nó natural do bambú. Sobre el faise un corte en forma de V para soprar.

Trátase dun instrumento chinés moi antigo. Créese que foi desenvolvido polos Qiang (unha das minorías chinesas do oeste) no século I.



### HULUSI



O **hulusi** é un instrumento de vento das minorías étnicas da China. A súa historia remóntase á época de antes da dinastía Qin (221 a.C. - 226 a.C.).

Está feito dunha cabaza, 3 tubos de bambú e 3 lingüetas metálicas.

No extremo superior da cabaza está insertado un tubo de bambú como boquilla e a cabaza serve como caixa de resoancia; no fondo, están insertados 3 tubos de bambú e cada un ten unha lingüeta.



## ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1:

A escala pentatónica. Segundo unha lenda chinesa, esta escala é froito dun emperador que quería establecer a relación da música co cosmos. Para iso, encargou a un filósofo que atopara o tono "auténtico". O filósofo colleu unha cana de bambú duns 30 cms e foi cortándoa nunha relación de 2/3, obtendo a deste xeito a escala pentatónica.

Esta escala está formada por tonos, quedando da seguinte maneira:



-Cantar e tocar esta escala coa frauta.

-Facer unha melodía utilizando as notas desta escala. Despois, cantala e tocala.

-Pódese cantar facendo dous grupos, un fai unha nota pedal e o outro canta a melodía inventada.

### ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:

Tamén se pode improvisar sobre as notas da escala, mentras un grupo fai unha pedal, outros vanse turnando e improvisando.

### ACTIVIDADE 2:

Buscar información sobre os instrumentos chineses da explicación e rechear a ficha.

### ACTIVIDADE 3 :

Videos

<https://www.youtube.com/watch?v=2LX7QoL1Dxk>

<https://www.youtube.com/watch?v=tu5XohUR3Pg>

<https://www.youtube.com/watch?v=rJGW3WAq1p0>

---

## 5.3.-AMÉRICA



O estudo da música tradicional e popular no continente americano plantexa grandes dificultades pola súa enorme extensión, a variedade de pobos, e as distintas influencias musicais que recibiron.

Dentro desta variedade, todo o continente ten algo en común: a súa música autóctona dos indíxenas, anterior á chegada dos europeos a América.

A música dos indios estaba asociada ás actividades da vida diaria (moi en consoancia coa natureza) e ás cerimoniais relixiosas.

En Norteamérica a música dos pobos indíxenas mantívose á marxe tanto da influencia europea como da africana, a diferenza da cultura indíxena de Sudamérica, que se fusionou con estilos europeos provintes maioritariamente da cultura hispana.

Lamentablemente, quedan poucos exemplos de cancións dos indios norteamericanos. Polo xeral son cancións breves, acompañadas por tambores e sonaxas. Nos textos intercalan sílabas como he-he, ho-ho.

Nesta obra, Norteamérica está representada por unha frauta dos indios Hopi e unha frauta de pluma.

En Sudamérica, as poboacións que vivían antes da chegada dos europeos (maias, aztecas, incas...) desenvolveron complexas organizacións sociais e culturais.

A música, ademais de formar parte dos actos relixiosos, estaba presente tamén na corte (por exemplo na civilización inca o monarca tiña músicos para o seu entretemento).

Estes pobos tiñan unha gran riqueza instrumental: frautas verticais e horizontais, diversos instrumentos de corda e de percusión.

En Pangea, introdúcese Sudamérica con sons que nos transportan á selva, para logo comezar cunha melodía que está a cabalo entre a música andina e a caribeña, que é tocada co kuisi (ou gaita colombiana).



## INSTRUMENTOS




### FRAUTA NATIVA AMERICANA



A **frauta indíxena americana** é a única no mundo que ten 2 cámaras de aire, hai unha parede dentro da frauta entre a cámara inferior e a superior. A cámara inferior contén o asubío e os buratos para os dedos. A superior serve como resoador. No oco do asubío átase un bloque (ou paxaro) que canaliza o aire.

A súa orixe está envolta no misterio, pero non hai dúbida de que é moi antiga e que é un instrumento totalmente propio dos indíxenas de Norteamérica.



### KUISI

O **kuisi** ou “gaita colombiana” é un instrumento de vento de orixe indíxena.

É unha frauta construída a partir do corazón dun cactus autóctono. Na parte superior faise unha cápsula con cera de abella e carbón, e nesta cápsula faise unha ranura na que se inserta unha pluma de pato, que vai facer de canal.



O seu uso máis antigo deuse cos koguis, que é un pobo amerindio que habita na Serra de Santa Marta.

O nome de “gaita colombiana” puxéronllo os españois (tócase por parellas na que unha fai a melodía e a outra un bordón de acompañamento) pola similitude sonora coas gaitas que escoitaban na Península.



---

## ACTIVIDADES

**ACTIVIDADE 1:** Ver os seguintes videos

<https://www.youtube.com/watch?v=9UglUjiJifA&list=RD9UglUjiJifA&t=4>

<https://www.youtube.com/watch?v=igmpvrRQIkI&index=4&list=RD9UglUjiJi>

**ACTIVIDADE 2:**

Cantar coas sílabas he-le e ho-ho... imitando o tema anterior. Acompañar con percusión corporal.



**ACTIVIDADE 3:** escoitar música de Sudamérica. Vídeos

<https://www.youtube.com/watch?v=Dc3n1aiAyC8>

<https://www.youtube.com/watch?v=4CsyyXMjabI>

**ACTIVIDADE 4:** Buscar información sobre os seguintes instrumentos: frauta nativa, moseño, toyo.

**ACTIVIDADE 5:** Facer un instrumento: frauta de pan.

Materiais: tubo de pvc de aproximadamente 1 cm de diámetro, cortatubo, arxila, cinta.

Hai que cortar tubos de diferentes lonxitudes (con 5 ou 6 é suficiente). A lonxitude dependerá da altura que queremos conseguir. Podemos probar antes para facer unha escala.

Unha vez cortados, colocámoslos de maior a menor e atámoslos ou pegamos coa cinta.


Coa arxila, tapamos o extremo inferior de cada un dos tubos, e xa temos a nosa frauta de pan que poderemos adornar ao noso gusto.



**ACTIVIDADE 6: Ostinato.**

Ao comezo de Sudamérica hai un ostinato, que é un debuxo rítmico e melódico que se repite.

Neste caso imos traballar cun ostinato só rítmico:



Sobre el imos cantar unha melodía:





---

## 5.4.-ÁFRICA

**África** é un continente con moitas diferenzas étnicas, culturais e lingüísticas. Sen embargo, hai tamén moitas tradicións que se repiten ao longo do continente.

A música neste continente ten moitos usos: utilízase para acompañar todo tipo de actividades e tamén para a diversión. Os africanos participan activamente cantando, bailando, tocando...

África ten una gran variedade de instrumentos de percusión (tambores, djembes, kalengos, sonaxas, balafóns, kalimbas...). En canto aos instrumentos de vento, son instrumentos sinxelos que se tocan mentras se canta. Este é o caso do asubío pigmeo e da "fauta peul" utilizada nesta obra.

O pobo fulani (ou peul), é o pobo nómada máis grande do planeta. Foron os primeiros subsaharianos que abrazaron o Islam.

Dende esta parte de África, viaxaremos ao norte, cos seus ecos árabes, que poden lembrarnos a outras músicas asiáticas e incluso europeas, xa que a música non entende de fronteiras.

Nesta parte utilizaranse un shofar, unha kawala e unha zurna.

## INSTRUMENTOS




### FRAUTA PEUL

A **frauta peul** está feita a partir dunha cana cónica que medra nas beiras do río Níxer, ten 3 furados e máis un para a embocadura. Tócase como una frauta traveseira e o intérprete tamén canta ao mesmo tempo que a toca.

É típica dos Peul, que é o pobo nómada máis grande do mundo. É ademáis un dos primeiros pobos africanos que abrazou o Islam.

A característica máis chamativa deste instrumento é o conxunto de efectos feitos pola voz e a frauta.



### SHOFAR



O **shofar** é un instrumento do que temos constancia dende hai, polo menos, uns 3.000 anos.

Fabrícase baleirando o interior dos cornos dalgúns animais. Para os xudeos é un instrumento cerimonial. O seu nome en hebreo significa brillo.

Na Biblia menciónase este instrumento unhas 70 veces.



## KAWALA



A **kawala**, tamén chamada **salamiya**, é un instrumento de cana oco con 6 furados para os dedos, sen ningún tipo de embocadura. Tócase coa técnica interdental, o que lle da color areoso ao seu son.

Ten a súa orixe nos pastores, pois a utilizaban para chamar ao rebaño. Ten ata 9 temas diferentes, dependendo da escala que se requería para a composición musical e é a base de moitas melodías populares.


## ZURNA

A **zurna** é un instrumento de vento con dobre lingüeta.

Toma o seu nome do persa, "zur" (banquete) e "ney" (cana ou lingüeta). En África do Norte, coñécese ademáis polos nomes de alghaita, ghaita, rajta...

Este instrumento está extendido polos países musulmáns e a súa orixe remóntase ao século VIII.

Debido á súa sonoridade, na época otomana utilizouse dentro das bandas militares.







## ACTIVIDADES

**ACTIVIDADE 1:** Buscar información dos seguintes instrumentos: balafón, zurna, frauta peul, djembé, kalimba, shofar. Completar a ficha.

**ACTIVIDADE 2:** Ver os seguintes vídeos.

<https://www.youtube.com/watch?v=i6IOvSpovrA>

<https://www.youtube.com/watch?v=LC71Ne5MwB0>

**ACTIVIDADE 3:** Polirritmo.

África caracterízase polos seus polirritmos, froito de superpoñer distintos ritmos e pulsacións uns sobre outros.

Imos facer un exercicio doado de polirritmo, para iso dividimos a clase en 4 grupos. Un fará negras, outro corcheas, outro tresillos e outro semicorcheas. Hai que estar moi concentrado!!!


Podedes poñer letra ou sílabas aos grupos para facilitar o traballo.

Musical notation for a 4-part polyrhythm exercise in 4/4 time. The notation consists of four staves. The first staff has a 4/4 time signature and a series of 16 eighth notes grouped into four sets of four. The second staff has a 4/4 time signature and four groups of three eighth notes, each with a '3' below it. The third staff has a 4/4 time signature and two groups of four eighth notes. The fourth staff has a 4/4 time signature and four quarter notes.



---

Outra forma de facer polirritmo é facendo o mesmo ritmo, pero desfasado



**ACTIVIDADE 4:** Facer o asubio pigmeo.

Este asubío é moi sinxelo. Abonda con coller un tubo de PVC (pode ser tamén unha cana de bambú) duns 6 cm de largo e tapar o extremo inferior. Só hai que soprar nel e logo intercalar o sopro con sons guturais como no vídeo:

<https://m.youtube.com/watch?v=YcGZfVehez0>



## 5.5.-EUROPA

**Europa**, como os outros continentes, sorprende pola súa variedade musical e cultural. Dende hai moitos anos foron sucedéndose en Europa focos culturais que modelaron o pensamento e a arte do mundo occidental.

Nesta obra representamos a Porta de Europa con música de Armenia, un dos países onde se arraiga a nosa cultura máis pretérita representando unha música "sacra" sacada do contexto relixioso, pero coas características do que podería ser unha melodía ortodoxa. Esta melodía dará paso a unha melodía amalgamada moi característica de Bulgaria.


A outra parte de Europa que se representa é a do Norte, a "Costa Atlántica", aquela pola que pasou o pobo celta e deixou a súa impronta cultural. Esta zona está representada por cornas, gaitas e un instrumento antigo da cultura celta: o dord, que posiblemente tivo que ver na natureza das escalas utilizadas nas gaitas por este pobo.

## INSTRUMENTOS

### UILLEAN PIPE

A **gaita irlandesa** é unha das máis complexas (dise que fan falta 21 anos para aprender a tocala con todas as súas partes).

Considérase que no século XVIII, cando os ingleses dominaban Irlanda, prohibíronlles tocar a gaita de pé, polo que os irlandeses tiveron que "inventar" un modelo diferente que se podía tocar sentado e que tiña un son máis suave, co fin de poder tocala discretamente.





## BOMBARDA



A **bombarda** é un instrumento de vento de madeira de dobre cana, formado por un tubo cónico con buratos. É da familia dos oboes e as súas características son similares á dulzaina e á chirimía. Na música clásica estivo en uso ata o século XVIII. Continuou empregándose na música tradicional, especialmente na rexión bretoa. En bretón chámase "ar borvard" ou "talabard" e en francés "bombarde".

## DORD

O **dord** é unha trompa irlandesa da Idade de Bronce. Os exemplares atopados datan de 1.000 anos a.C.

A súa lonxitude é de máis de 2 metros. Existen teorías que indican que este tipo de instrumentos puido ter influencia á hora de afinar as harpas e gaitas destes territorios.





## ACTIVIDADES

**ACTIVIDADE 1:** Buscar información sobre os seguintes instrumentos: duduk, gaida, uilleann pipe, fujara, kaval, cornas.

**ACTIVIDADE 2:**


Falar sobre as diferencias entre a gaita galega, a uilleann pipe e a gaita búlgara.

**ACTIVIDADE 3:**

A música da peza adicada a Bulgaria está escrita nun compás de amalgama, que é un compás que resulta da suma de dous compases, sendo, por exemplo un compás de 3/4 e un de 2/4 un compás de 5/4.

A diferenza con respecto aos compases orixinais sería o novo lugar das partes fortes deste novo compás de 5/4.

Imos traballar o ritmo dun compás de 7/8:



unha vez interiorizado o ritmo, tentaremos mantelo sobre a música do vídeo, seguindo a partitura:

VIDEO: <https://www.youtube.com/watch?v=MtVdn3xT4-g>



**ACTIVIDADE 4:** preguntar a familiares por cancións que lembren da súa infancia e facer unha pequena "biblioteca" ou "fonoteca"

### **ACTIVIDADE FINAL:**

Facer un mural xigante de Pangea e poñer en cada lugar os instrumentos, coas súas características.

Para facer a Pangea, poden recortar os continentes con marxe e pegalos xuntos facendo coincidir as siluetas.

Unha vez feito, pensar nas diferenzas e similitudes das tradicións musicais.






---

**FICHAS DE INSTRUMENTOS:** [Pódese facer unha carpeta con todos eles e buscar máis]

**NOME DO INSTRUMENTO:**

**CARACTERÍSTICAS:**

**REXIÓNS/LUGARES/TERRITORIOS ONDE SE ATOPA:**



---

**NOME DO INSTRUMENTO:**

**CARACTERÍSTICAS:**

**REXIÓNS/LUGARES/TERRITORIOS ONDE SE ATOPA:**

